



FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

X. FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

O Estatuto de Autonomía de Galicia, na alínea 26, do artigo 27, confire á Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de fundacións de interese galego.

A Constitución Española, no artigo 34.I recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral, de conformidade coa lei.

A Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as fundacións do sector público. Neste senso, o artigo 113 da citada lei define como fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que se constitúan, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.
- Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- Que os seus ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.

A resolución do 26 de xuño do 2015 da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos ao abeiro da Orde do 23 de xuño do 2015 da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, establece os formatos que deberán empregar as fundacións públicas autonómicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás fundacións son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, recollida no Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativas.

Fundacións do sector público autonómico

	Explotación	Capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.131	100
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	7.817	3.663
Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061	51.524	3
Instituto Galego de Medicina Xenómica	3.551	193
Fundación Galicia Europa	671	15
Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas	870	5
Fundación Semana Verde de Galicia	2.057	
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	688	
Fundación Centro Supercomputación de Galicia	1.951	0
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	203	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	419	
Fundación Feiras e Exposicións de Ourense	1.258	94
Instituto Feiral de A Coruña	399	
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	2.797	585
Fundación Rof Codina	1.955	25
Fundación Deporte Galego	3.444	20
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	3.486	
Fundación Galega Formación para o Traballo	392	36
Fundación Camilo José Cela	290	
Fundación Axencia Enerxética Provincial de A Coruña	174	3
Total	85.076	4.740

(Miles de Euros)